

TRADUCCIÓN E CRIACIÓN

Araceli HERRERO FIGUEROA

Lugo

[...] La traducción es una obra reservada al verdadero escritor, para que el valor de la versión esté a la misma altura que la obra original!

1.- INTRODUCCION

Partimos de que a tradución literaria, que non a documental ou institucional, ou como queira chamar-se-lle, é a operación artística que distintos autores como o citado Bleiberg ou Cary² ou Wandruzska³, teñen asinalado, sen por iso negarmos que a tradución supón o ponto de inserción da filoloxía, lexicoloxía, psicolingüística, lingüística contrastiva, estilística, semiótica e análise literarios⁴, o que vai levar-nos a insistir na súa práctica nas nosas aulas de Didáctica tanto da Língua como da Literatura.

Cremos, pois, na rentabilidade pedagóxica, e no valor lingüístico-literario e mesmo cultural, ou mellor intercultural, implícitos en todo labor de translación. Non sendo, por suposto, o noso obxectivo a formación de tradutores, que para iso están as Facultades de Traducción e Interpretación. O noso propósito centra-se na formación de futuros profesores de L1, da lingua meta, da lingua beneficiada na tradución, que nesta nosa exposición, como se suporá, vai ser o galego.

¹ G. Bleiberg, *Diccionario de Literatura Española*, Revista de Occidente, Madrid, 1972, p. 887.

² Vid. "Traduction et poésie" in *Babel*, vol. III, nº1, 1957, p.28. Asimesmo, *Comment faut-il traduire*, le.2,p.8. Para o comentário das opinións de cary: García Yebra, *En torno a la traducción. Teoría, crítica e historia*, Gredos, Madrid, 1988, p. 36.

³ *Interlingüística. Esbozo para una nueva ciencia del lenguaje*, Gredos, Madrid, 1980, p. 140.

⁴ Cf. Álvarez Calleja, *Estudios de traducción. Teoría, práctica, aplicaciones* UNED, Madrid, 1991.

Desenvolveremos a nosa comunicación en dous apartados nos que imos analizar e valorar o labor creativo implícito na crítica da tradución, e presente nese segundo momento en que, tras a desverbalización, se asume a reexpressión na lingua meta, o galego, desde esa lingua de partida, fonte ou L2⁵.

2.- O PRE-TEXTO. UN ALUNO CRITICO/CRIADOR

Mario Wandruszka escribe:

La lengua del autor es para el traductor un desafío constante de mostrar que con su lengua puede crear algo análogo⁶.

Consideramos que o tradutor é, antes que nada, un lector extraordinario, un lector que le en lingua allea, e que posui unha grande comprensión, esa magnífica interpretación prévia que, mercé unha salientábel intuición artística, devén logo re-expresión, re-produción, creación. Un lector que posui a competencia interlingüística, intercultural e literaria precisas para unha óptima translación, unha reconstrución da interpretación dotada de literariedade.

Nese seu labor prévio à plasmación na escrita, hai muito de traballo filolóxico, de labor crítico, de coñecimento e dominio do texto, aspectos estes dos que teñen falado diferentes literatos, ponderando aos seus tradutores, como, por exemplo, Gunter Grass nunha entrevista reproducida nun diário local, na que declara:

Los traductores son los mejores conocedores de mi obra porque son los que más la profundizan con sus preguntas para esclarecer el sentido de algún pasaje⁷.

Temos, pois, ao tradutor como exéxtea, como crítico⁸. Tradlamos esta situación à aula e solicitamos do alumno este carácter de lector extraordinario que se lle exige ao tradutor, porque desde logo toda boa tradución presupón esa exéxese à que vai seguir a creación propriamente dita, esa translación literaria que obriga a mudar a consideración do texto primeiro como pre-texto e establecer ese óptimo resultado no nivel de co-texto, de seguirmos a C.Segre⁹, ou, de considerarmos a G. Genette¹⁰ no nivel da transposición, do hipertexto, mas un hipertexto levado às últimas consecuencias que nos vai obrigar, mesmo, a postular a autoría dese discurso en lingua terminal ou meta.

Agora ben, existe unha relación problemática entre eses co-textos, dada a labilidade nos límites do que se entende por paráfrase, adaptación, transposición, imitación... ou

⁵ Cf. o diagrama de Danica Seleskovitch e M. Lederer in *Interpreter pour traduire* (Didier, Paris, 1984, p. 73). Vid. A. Álvarez Calleja, *Ibidem*, p. 64.

⁶ *Ibidem*, p. 8.

⁷ Vid. *El Progreso*, 1, X, 1992.

⁸ Por suposto, consideramos necesario entrarmos agora na distinción da crítica e da creación, dese lábil e inestábel límite entre ambas, aspecto este que noutras ocasións xa nos temos ocupado.

⁹ *Principios de análisis del texto literario*, Crítica, Barcelona, 1985, p. 106, ss.

¹⁰ *Palimpsestos. A literatura en segundo grado*, Taurus, Madrid, 1989.

criación propriamente dita, facetas e modulacións que deben ser expostas na aula a fin de potenciar a aceptación dos varios graos de realización e das varias posibilidades que se nos ofrecen desde a translación.

Cabe, pois, retomando ese texto de partida, estudar as posibilidades, as distintas realizacións ou interpretacións que ese texto concreto vai suxerir na liña do aconsellado por A. Alvarez Calleja¹¹, ou se se prefer na liña de Javier Marías, autor que defende a tradución como interpretación no sentido musical, é dicir como variación dun tema. Velá unha suxerencia de actividade nas aulas de Didáctica da Língua canto a confrontarmos diferentes traducións **para** o galego, todas válidas por constituíren esas variacións do mesmo tema, ao modo das **25 variaciones sobre un tema de Haendel**, de Brahms que cita Marías¹².

Distintos emisores desas diferentes modulacións ou criacións, e à vez distintas posibilidades de traducións, en virtude de diferentes receptores, porque como E. Coseriu ten salientado,

traducir es una actividad finalista e históricamente condicionada, de manera que lo “óptimo” puede ser distinto, en cada caso, según los destinatarios, los textos que se traduzcan y la finalidad de la traducción [...] La “mejor traducción” absoluta de un texto cualquiera simplemente no existe: sólo puede existir la mejor traducción de tal texto para tales y cuales destinatarios, para tales y cuales fines y en tal y cual situación histórica¹³.

3.- O CO-TEXTO: A ANALISE CRITICA DE TRADUCIONS NAS AULAS DE DIDACTICA

Vimos ao aluno como analista e crítico dun texto que se propón traducir, e traduce, veremo-lo agora como estudioso ou crítico de traducións alleas, desas translacións literárias **para** o galego que nos sitúan diante a muito discutíbel cuestión dos límites da nosa Historia da Literatura canto a que é a Literatura Galega a literatura receptora deses co-textos, e canto a que, como indica P. Newmark¹⁴, “un poema bien traducido es siempre otro poema”.

Mas aparquemos de momento esa difícil cuestión que algun día asumiremos para centrar-nos en salientar, unha vez mais¹⁵, a necesidade da crítica da tradución na Galiza, crítica à que debemos conducir ao alunado porque cumpre non aceptar e aprobar aquelas traducións que son translacións indirectas, retraducións ou improvisadas e deficientes versións, porque unha cousa é que admitamos, aprobemos e lovemos a existencia de

¹¹ *Ibidem*, p. 51.

¹² “Ausencia y memoria en la traducción poética”, *Nueva Estafeta*, Xaneiro, 1981.

¹³ E. Coseriu, *El hombre y su lenguaje. Estudios de teoría y metodología lingüística*, Gredos, Madrid, 1977, pp.236 e 239.

¹⁴ *Manual de traducción*, Cátedra, Madrid, 1992, p. 227.

¹⁵ E cuestión da que nos temos ocupado noutros estudos, entre eles o presentado ao IV Congreso da Associação Galega da Língua, Vigo, 1993.

magníficas **belles infidèles** e outra aceptar que se excuden nese xa manido tópico meras deturpacións textuais.

Desde logo, é indubitábel que o labor tradutor exige cualidades literárias nese re-escreber ese texto, ese co-texto que debe acadar tal grado de literariedade que, mesmo debe conducir ao lector a esquecer que é tradución o que ten diante, permitíndolle, así, a leitura como “orixinal”, pero esas dotes artístico-literárias deben ir acompañadas de traballo minucioso e meditado, e o tradutor debe ser precavido e estar sobre aviso de que, como criador, debe evitar anexar o que é de si propio.

Sen pretendernos ser exhaustivos nas citas, tomemos a de Sobejano salientada por García Yebra¹⁶ de que todo buen tradutor é bon escritor, mas non à inversa, e recoñezamos a nosa decepción diante unha tradución realizada por un dos nosos destacados literatos: a tradución de **Yerma**, por Miguel Anxo Fernán Vello¹⁷.

Non entramos en cuestións de fidelidade ou traición. Movemo-nos no estrictamente literario, e admitimos a cuase imposibilidade de exactitude do bon escritor que traduce e que ve que se lle sobrepón a súa propia arte. Talvez for ese o problema de **Yerma** en galego, ou de outras determinadas traducións que agora non imos enumerar, mas cumpre analizar os casos e, o que hoxe nos ocupa, levar esta análise às aulas dado que temos visto e comprobado a súa rentabilidade.

Canto à organización e pasos a seguir na análise das traducións, suxerimos, aparte da metodoloxía contida no volume citado de A. Álvarez Calleja, as indicacións de Peter Newmark¹⁸.

Somos, aínda así, conscientes das carências que nos presenta a tradución para o galego. Por exemplo, as dificultades para realizar estudos comparativos da tradución de determinado texto por diferentes autores/tradutores, ou en diferentes épocas. Tampouco podemos establecer a evolución dos criterios de tradución através dos tempos, pese à presenza da tradución na orixe da nosa Literatura, un feito, por certo, comun a outras literaturas nacionais e que cumpre non esquecer (pensemos na nosa prosa medieval).

De todas as formas, sabemos do proxecto dunha historia da tradución na Galiza, proxecto que vai desenvolver o Departamento de Galego da Universidade de Vigo, e proxecto que vai ser de grande axuda canto ao descoñecimento de versións e traducións dispersas, moitas publicadas nos xornais e revistas, de difícil acceso ou só existentes en determinadas hemerotecas. Un **corpus** preciso para levar às nosas aulas.

Agora ben, contra o que pudiera deducir-se da nosa, talvez, excesiva rotundidade, debemos recoñecer que na actualidade, nos catálogos das máis coñecidas editoriais, aparece toda unha serie de traducións que nos permiten o traballo comparatista, ese estudo e análise que debe asumir a crítica da tradución, e que, salvo contadísimas excepcións, está omitindo.

¹⁶ (*Nietzsche en España*, Gredos, Madrid, 1967, p.68), in *Ibidem*, p. 98.

¹⁷ *Edicións Xerais*, Vigo, 1990.

¹⁸ *Ibidem*, pp. 248 ss.

Da tradución poética, da translación da lírica de autores concretos, xa noutras ocasións nos temos ocupado. Centramo-nos hoxe na tradución dramática, xa anunciada ao exemplificarmos con **Yerma**, asumindo agora a translación ao galego dun dos mais cuidadosos autores da nosa dramaturxía: Manuel Lourenzo.

4.- A TRADUCIÓN DRAMÁTICA COMO ACTIVIDADE DRAMATÚRXICA QUE DEBE SER LEVADA ÀS AULAS.

Peter Newmark, o autor citado, declara que toda tradución dun texto dramático supón adaptación. Genette fala de transposición, fala de hipertexto, como dixemos. Para nós, como vimos indicando, o concepto mais rentábel é o de criación, pese a que, precisamente Manuel Lourenzo é dos tradutores mais próximos (evitamos escribir “fieis”) ao texto orixinal.

Canto à análise de textos dramáticos traducidos, unha primeira matización é sobre a consideración da translación teatral como pragmática, dada a exixencia de especialísima consideración polas condicións do acto comunicativo.

Estamos fronte ao receptor, un hipotético e difícil receptor do teatro galego que, se ben hoxe grácias à televisión aceita con naturalidade a fala galega no palco escénico en todas as situacións dramáticas, obriga, indubitabelmente, a esmeradísima tradución, unha tradución como a que imos seleccionar para levar às aulas como traballo, para abordarmos ese estudo interdisciplinar que se estende para a didáctica da lingua extranxeira, dado que a lingua de partida, orixinal ou fonte (como prefira denominar-se), neste caso concreto que imos comentar, é o francés.

Falamos do libriño **Ocasos**¹⁹, unha publicación no que o estudo da tradución vai ver-se beneficiado polo aspecto criativo presente tanto nesa magnífica versión do texto “Clitemnestra ou o crime” desde “Clytemnestre ou le crime”, do volume **Feux**²⁰ de Marguerite Yourcenar (un texto narrativo que, como monólogo leva xa implícita a teatralidade: non é preciso nengun tipo de labor de transmodalización), como nesa creación-preámbulo: “Agamenón in Aulide”, xa da exclusiva autoría de M. Lourenzo, texto primário ou parlamento escrito por suxerencia de Xulio Lago , con vistas à escenificación que levaría a cabo Teatro do Atlántico .

Mas o profesor debe prever as cuestións que determinados textos van suscitar na aula. E da mesma forma que xa indicámos a posibilidade de confrontación de opinións sobre os límites da Literatura Galega, de considerarmos a tradución de Manuel Lourenzo mais que o estudo do teatro mítico en Galiza ou a presenza da crítica temática (o xa manida consideración da figura da muller en determinados autores), como o que se vai desenvolver na aula é labor alternativo, ese traballo criativo que vai desenvolver o

¹⁹ *Artes Gráficas Venus*, a Coruña, 1992.

²⁰ *Ed. Gallimard*, 1974, pp. 173, ss. Agradecemos a Manuel Lourenzo o acceso a esta edición.

alunado, podemos muito posibelmente desembocar na xinecrítica, na consideración da lectura ou a escrita de muller, aspecto este que cumpre cuidar dado que se ben o tradutor, na translación dun discurso político ou económico, pode manter a distancia, dificilmente vai poder situarse **fora** do discurso dramático, discurso que lle vai exixir falar desde os emisores internos dese texto teatral. Aquí **desde** Clitemnestra.

A maiores, a consideración do nivel ou do rexistro lingüístico que, dada a nosa exígua tradición dramática, vai levar-nos a ponderar a translación de Lourenzo que conseguiu dar voz a unha Clitemnestra aristocrática e maxestuosa, unha voz que se ben xa se pode atopar no “orixinal”, en Marguerite Yourcenar, non no-lo transmite “Clitemnestra y el crimen” de Emma Calatayud, por certo unha muito discutíbel tradución canto ao sacrificio e anulación da teatralidade que o texto de Lourenzo, polo contrario, potencia²¹

5.- CONCLUSION

Destacámos o valor literario e estilístico da tradución, mas por muito que alguns autores, como Álvarez Calleja²², falen de actividade “científica”, hai un compoñente lingüístico, ou interlingüístico, e, mesmo, como indicámos, intercultural que beneficiaba e manifesta o valor pedagóxico da tradución.

A tradución debe, pois, ser levada às aulas de Didáctica, da Língua e da Literatura, e a traductoloxía debe formar parte do programa e das liñas de investigación dos nosos Departamentos.

Non se trata de formar tradutores, como dixemos, senón profesores que podan desempeñar a súa función na Galiza, e a nosa situación sociolingüística aconsella o desenvolvemento desa competencia interlingüística e intercultural que se vai ver beneficiada no exercicio da tradución.

E canto à literatura, cumpre considerar que a tradución forma parte dela, non no sentido de ter que incorporá-la necesariamente à nosa historia literaria (un feito mais que discutíbel considerar, por exemplo, a García Lorca como autor galego²³), pero si canto a que reclama estudo crítico e canto a que é un suxerente campo de traballo dentro da literatura comparada, porque como teñen indicado Brunel **et alii**,

A tarefa do comparatista consiste en mostrar que a tradução nao é apenas multiplicação aparente do número de leitores, mas escola de invenção e de descuberta²⁴

²¹ In *Fuegos*, traducción de Emma Calatayud, Alfaguara, 9ª reimpresión, 1989, pp. 103, ss.

²² *Ibidem*, p. 25-27.

²³ Referimo-nos ao Lorca de *Seis poemas galegos*, por suposto.

²⁴P. Brunel, Cl. Pichois, A.M. Rousseau, *Que é Literatura Comparada*, Ed. Perspectiva, Sao Paulo, 1990. p. 137.